



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

Guía docente

Título superior de deseño

Especialidade: Moda

Disciplina: Trabajo fin de estudos

Índice

1	Identificación e contextualización.....	3
2	Descrición da disciplina.....	3
	2.1. Descritores.....	3
	2.2. Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.....	3
	2.3. Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación.....	3
	2.4. Metodoloxía.....	4
3	Obxectivos.....	5
4	Competencias que se desenvolven na disciplina.....	5
	4.1. Competencias transversais.....	5
	4.2. Competencias xerais.....	5
	4.3. Competencias específicas da titulación.....	5
5	Organización dos contidos.....	5
	5.1. Contidos.....	5
	5.2. Organización.....	6
6	Procedemento de avaliación.....	6



1 Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	EASD Mestre Mateo				
Web escolas	www.easd.es				
Mail escolas	escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.es				
Materia	Proxectos de deseño de moda e indumentaria				
Disciplina	Traballo fin de estudos				
Carácter	Obligatoria na Especialidade (O.E.)	Tipo	Teórico-Práctico (T.P.)	Duración	Cuatrimestral
Curso	4º			Créditos ECTS	18
Horas de clase semanais		-			
Horas de traballo non presencial		432			
Horas de tutoría		18			

2 Descrición da disciplina

2.1. Descritores

- Creación dunha colección de cinco estilismos completos. Prototipos. Memoria. Inspiración. Conceptos teóricos e visuais.
- Proposta. Volume, target, cores e materiais. Texturas. Planning de colección.
- Oficina técnica. Proxecto empresarial.
- Análise do contorno, plan de mercadotecnia, lexislación, produto e publicidade.
- Conclusión e condicionantes do proxecto.

2.2. Relación con outras disciplinas de contidos progresivos

Levar a cabo axeitadamente o traballo fin de estudos implica a previa adquisición dunha boa parte das competencias adquiridas polo alumnado a través das disciplinas superadas nos cursos previos, polo que ten contidos progresivos relativos a practicamente a totalidade das disciplinas do currículo da titulación impartidas durante o 1º, 2º e 3º curso.

2.3. Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

- Elaborar proxectos de deseño de moda completos, de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos, facendo uso da metodoloxía propia do deseño e os coñecementos técnicos específicos, resolvendo os problemas estéticos, funcionais, técnicos e de realización que poidan xurdir durante o proceso, valorando o contexto social, cultural, normativo e ambiental do momento.
- Presentar e defender axeitadamente un proxecto completo de deseño de moda, establecendo relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.

2.4. Metodoloxía

Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.



Actividades de avaliación

- Formativa.
 - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
 - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- Sumativa.
 - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
 - Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

3 Obxectivos

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.

4 Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1. Competencias transversais

T.1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.

T.2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala axeitadamente.

T.3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan ós obxectivos do traballo que se realiza.

T.4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.

T.11. Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

T.13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

T.14. Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.

T.15. Traballar de forma autónoma e valora a importancia da iniciativa e do espírito emprendedor no exercicio profesional.

T.16. Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.



4.2. Competencias xerais

- X.1. Concibir, planifica e desenvolve proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
- X.2. Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.
- X.3. Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
- X.5. Actuar como mediador(a) entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.
- X.8. Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.
- X.9. Investigar nos aspectos intanxibles e simbólicos que inciden na calidade.
- X.12. Afondar na historia e na tradición das artes e do deseño.
- X.14. Valorar a dimensión do deseño como factor de igualdade e de inclusión social e como transmisor de valores culturais.
- X.16. Ser quen de encontrar solucións ambientalmente sustentables.
- X.18. Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos.
- X.20. Comprende o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, domina os recursos tecnolóxicos da comunicación e valora a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.
- X.22. Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.

4.3. Competencias específicas da titulación

- E.M.1. Xerar propostas creativas de deseño de moda e indumentaria adecuadas aos condicionamentos materiais, formais, estéticos, comunicativos e funcionais dos supostos de traballo.
- E.M.2. Concibir e materializa proxectos de deseño de moda e indumentaria que integren os aspectos formais, materiais, técnicos, funcionais, comunicativos e de realización.
- E.M.3. Coñecer as características, propiedades e comportamento dos materiais utilizados nos distintos ámbitos do deseño de moda e indumentaria.
- E.M.6. Fundamentar o proceso creativo en estratexias de investigación, metodolóxicas e estéticas.
- E.M.7. Interrelacionar as linguaxes formal e simbólica coa funcionalidade específica.
- E.M.8. Resolver os problemas estéticos, funcionais, técnicos e de realización que xorden durante o desenvolvemento e execución do proxecto.

E.M.9. Analizar os estudos de mercado e a súa incidencia no desenvolvemento de novos produtos e coleccións.

E.M.11. Dominar a tecnoloxía dixital específica vinculada ao desenvolvemento e execución de proxectos de deseño de moda e indumentaria.


E.M.14. Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.

5 Organización dos contidos

5.1. Contidos

- O anteprojecto.
- O traballo fin de estudos:
 - A memoria xustificativa.
 - A memoria descritiva.
 - O testemuño gráfico.
 - O testemuño volumétrico.

5.2. Organización



6 Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.



A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.